

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 4218** *Real decreto 290/2015, do 17 de abril, polo que se modifica o Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuel óleos e gases licuados do petróleo, se regula o uso de determinados biocarburantes e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.*

O Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuel óleos e gases licuados do petróleo, se regula o uso de determinados biocarburantes e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, actualizou as especificacións dos produtos derivados do petróleo e regulou o uso de biocarburantes.

O Real decreto 1027/2006, do 15 de setembro, modificou o citado Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, para adaptalo á Directiva 2005/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xullo de 2005, pola que se modifica a Directiva 1999/32/CE no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.

A aprobación da Directiva 2012/33/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, supón unha nova modificación da Directiva 1999/32/CE no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.

A Directiva 2012/33/UE recolle medidas destinadas á redución das emisións procedentes dos buques debido á combustión de combustibles para uso marítimo cun alto contido de xofre e que contribúen á contaminación do aire en forma de dióxido de xofre e partículas, o que prexudica a saúde humana e o ambiente e participa nos depósitos ácidos. Igualmente, inclúe medidas destinadas a reducir a contaminación do aire causada polos buques atracados en porto, que é unha grave causa de preocupación para moitas cidades portuarias, no que respecta aos seus esforzos por respectar os límites de calidade do aire establecidos pola Unión Europea.

Por tanto, esta modificación da Directiva 1999/32/CE afecta o contido dos artigos 3, 4, 7, 9, 10, 11, a disposición adicional terceira e a disposición derradeira segunda do Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro. Igualmente, engádense un novo artigo 12, unha nova disposición adicional e incorpóranse dous novos anexos.

O presente real decreto traspón a Directiva 2012/33/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, pola que se modifica a Directiva 1999/32/CE no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.

Realizouse o preceptivo trámite de audiencia a través do Consello Consultivo de Hidrocarburos, cuxas observacións e comentarios se tomaron en consideración para a elaboración do correspondente informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Esta, de conformidade co disposto na disposición transitoria cuarta da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, emitiu o informe preceptivo IPN/DE/0003/14, do 8 de maio de 2014.

Igualmente, realizouse o correspondente trámite de audiencia ao sector naveiro, con data do 29 de xullo de 2014, sen que se realizasen observacións por parte delas durante o dito trámite.

Este real decreto ten o seu fundamento legal na disposición derradeira segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, que autorizan o Goberno para aprobar, no ámbito das súas competencias, mediante real decreto as normas de desenvolvemento da dita lei.

Os artigos 149.1.25.^a e 149.1.20.^a da Constitución atribúen ao Estado competencia exclusiva sobre as bases do réxime enerxético e en materia de mariña mercante.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo e da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de abril de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuel óleos e gases licuados do petróleo, se regula o uso de determinados biocarburantes e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.*

Un. Modifícase o punto 4 do artigo 3, que pasará a estar redactado co seguinte teor:

«4. Non se poderán utilizar en territorio español gasóleos que, encontrándose nas categorías seguintes, teñan un contido en xofre que supere o 0,10 % en masa:

a) Calquera combustible líquido derivado do petróleo, con exclusión do combustible para uso marítimo, clasificado nos códigos NC 2710 19 25, 2710 19 29, 2710 19 47, 2710 19 48, 2710 20 17 ou 2710 20 19, de acordo co Regulamento (CEE) 2658/87 do Consello, do 23 de outubro de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común ou

b) Calquera combustible líquido derivado do petróleo, con exclusión do combustible para uso marítimo, do que menos do 65 % en volume (comprendidas as perdas) se destile a 250° C e polo menos o 85 % en volume (comprendidas as perdas) se destile a 350° C polo método ASTM D86 ou norma que no futuro a substitúa.

En todo caso, estarán excluídos destas categorías os gasóleos a que fan referencia os puntos 1 a 3 anteriores, así como os combustibles utilizados en maquinaria móbil distinta da de estrada e en tractores agrícolas.»

Dous. O artigo 4 estará redactado como segue:

«Artigo 4. *Especificacións técnicas de fuel óleos.*

«1. As especificacións técnicas para os fuel óleos, con exclusión do combustible para uso marítimo, son as que se relacionan no anexo IV deste real decreto.

2. Non estará permitida a utilización de fuel óleo pesado en territorio nacional cuxo contido en xofre supere o 1 % en masa. Para estes efectos, entenderase por fuel óleo pesado:

a) Calquera combustible líquido derivado do petróleo, con exclusión do combustible para uso marítimo, clasificado nos códigos NC 2710 19 51 a 2710 19 68, 2710 20 31, 2710 20 35, 2710 20 39 de acordo co Regulamento (CEE) 2658/87 do Consello, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común.

b) Calquera combustible líquido derivado do petróleo distinto do gasóleo definido no punto 4 do artigo 3, letras a) e b), ou no artigo 9, punto 1, que, debido aos seus límites de destilación, pertenza á clase do fuel óleo pesado destinado a utilizarse como combustible e do que menos do 65 % en volume (comprendidas as perdas) se destile a 250° C polo método ASTM D86 ou norma que no futuro a substitúa. Se a destilación non se pode determinar mediante o método ASTM D86, ou norma que no futuro a substitúa, o produto derivado do petróleo tamén se clasificará como fuel óleo pesado.

3. O contido máximo de xofre establecido no punto 2 anterior non será aplicable ao fuel óleo utilizado en:

a) Grandes instalacións de combustión recollidas no capítulo V do Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto 815/2013, do 18 de outubro.

b) Outras plantas de combustión non incluídas na letra a), cando as súas emisións de SO₂ sexan iguais ou inferiores a 1.700 mg/Nm³, cun contido de oxíxeno nos gases de combustión do 3 por cento en volume, en base seca.

c) Refinarías de petróleo, cando a media mensual das emisións de SO₂ feita a media entre todas as instalacións de combustión da refinaría, independentemente do tipo de combustible ou de combinación de combustibles usados, pero excluídas as instalacións recollidas na letra a), as turbinas de gas e os motores de gas, non superen os 1.700 mg/Nm³, cun contido de oxíxeno nos gases de combustión do 3 % en volume, en base seca.»

Tres. Modifícase o artigo 7, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Mostraxe e análise.*

«1. Co fin de dar cumprimento ao disposto nas directivas 98/70/CE, 2003/17/CE, 1999/32/CE, 2005/33/CE e 2012/33/UE, no que respecta ao control do cumprimento das especificacións e presentación á Comisión Europea de informes anuais sobre a calidade dos produtos petrolíferos incluídos neste real decreto, as comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias para controlar mediante mostraxes as especificacións técnicas de gasolinas, gasóleos, combustibles para uso marítimo e fuel óleos. Estas mostraxes deberanse realizar despois de transcorridos seis meses a partir da data en que sexa exixible o límite máximo de tales especificacións para o combustible de que se trate, excepto no caso dos combustibles para uso marítimo, para os cales as mostraxes empezarán a realizarse na data en que entre en vigor o límite máximo de contido en xofre correspondente. As mostraxes realizaranse coa suficiente frecuencia garantindo, en todo caso, que as mostraxes sexan representativas do combustible examinado.

2. Antes do 30 de abril de cada ano, as comunidades autónomas deberán comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, os resultados das mostraxes realizadas. Para o caso do contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, as comunidades autónomas deberán comunicar os resultados á Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento.

Os resultados deberanse axustar, no referente ás gasolinas e ao gasóleo de automoción (clase A), ao formato establecido para o efecto mediante Decisión da Comisión, do 18 de febreiro de 2002, sobre un formato común para a presentación de resumos de datos nacionais sobre a calidade dos combustibles, recollido nos anexos VIII e IX do presente real decreto.

3. No referente aos gasóleos clase B, para uso marítimo, combustibles para uso marítimo e gasóleo clase C, de calefacción, así como aos fuel óleos, os datos que se requiren deberán indicar o contido de xofre dos citados produtos.

4. Poderase utilizar, co fin de garantir o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, un dos seguintes métodos de mostraxe, análise e inspección, segundo proceda:

a) Mostraxe do combustible para uso marítimo destinado a combustión a bordo cando se estea subministrando aos buques, de conformidade coas directrices relativas á mostraxe do fuel óleo para determinar o cumprimento do disposto no anexo VI revisado do Convenio internacional para previr a contaminación polos buques, 1973 (Convenio Marpol), aprobado o 17 de xullo de 2009 pola

Resolución 182(59) do Comité de Protección do Medio Mariño (Marpol) da OMI, e a análise do seu contido de xofre.

b) Mostraxe e análise do contido de xofre do combustible para uso marítimo destinado a combustión a bordo contido en tanques, cando sexa viable desde un punto de vista económico e técnico, e en mostras seladas a bordo dos buques.

c) Inspección dos diarios de buques e dos comprobantes de entrega de carburante dos buques.

5. O método de referencia adoptado para determinar o contido de xofre será o método ISO 8754 ou prEN ISO 14596 (2007) ou norma que no futuro o substitúa.

Para determinar se o combustible para uso marítimo entregado e utilizado a bordo dos buques cumpre os límites de xofre establecidos, utilizarase o procedemento de verificación do combustible establecido no anexo VI, apéndice VI, do Convenio Marpol, sen prexuízo de que a determinación e aplicación dos datos de precisión sobre o contido de xofre se realice de acordo coa norma ISO 4259 ou norma que no futuro a substitúa.»

Catro. O artigo 9 pasará a estar redactado da seguinte maneira:

«Artigo 9. *Definicións.*

«1. Enténdese por «combustible para uso marítimo»: calquera combustible líquido derivado do petróleo destinado a ser usado a bordo dunha embarcación, incluídos os combustibles definidos na norma ISO 8217 ou norma que no futuro a substitúa; inclúe calquera combustible líquido derivado do petróleo usado a bordo de buques de navegación interior ou embarcacións de recreo, como se definen na Directiva 97/68/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1997, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre medidas contra a emisión de gases e partículas contaminantes procedentes dos motores de combustión interna que se instalen nas máquinas móbiles non de estrada, e na Directiva 94/25/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de xuño de 1994, ou disposicións que a modifiquen ou substitúan, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas a embarcacións de recreo, cando estas embarcacións se achan no mar.

2. Enténdese por «combustible diésel para uso marítimo»: calquera combustible para uso marítimo definido para a calidade DMB na táboa I de ISO 8217 ou norma que no futuro a substitúa, coa excepción da referencia ao contido de xofre.

3. Enténdese por «gasóleo para uso marítimo»: calquera combustible para uso marítimo definido para as calidades DMX, DMA e DMZ na táboa I de ISO 8217 ou norma que no futuro a substitúa, coa excepción da referencia ao contido de xofre.»

Cinco. Modifícase o artigo 10, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 10. *Contido máximo de xofre dos combustibles para uso marítimo utilizados en augas territoriais, zonas económicas exclusivas e zonas de control da contaminación, incluídas zonas de control das emisións de SOx.*

1. Nas augas territoriais, zonas económicas exclusivas e zonas de control da contaminación situadas dentro das zonas de control de emisións de SOx non se poderán utilizar combustibles para uso marítimo cuxo contido de xofre en masa supere o 0,10 %.

O presente punto aplicarase a calquera buque de calquera pavillón, incluídos aqueles cuxa travesía comezase fóra da Unión Europea.

2. Nas augas territoriais, zonas económicas exclusivas e zonas de control da contaminación situadas fóra das zonas de control de emisións de SOx non se poderán utilizar combustibles para uso marítimo cuxo contido de xofre en masa supere o 0,50 %.

O presente punto aplicarase a calquera buque de calquera pavillón, incluídos aqueles cuxa travesía comezase fóra da Unión Europea, sen prexuízo do disposto no punto 1 do presente artigo.

3. A Dirección Xeral da Mariña Mercante definirá e desenvolverá os procedementos necesarios para controlar o cumprimento do previsto nos puntos 1 e 2 a calquera buque de calquera pavillón, incluídos aqueles cuxa travesía comezase fóra da Unión Europea.

4. A Dirección Xeral da Mariña Mercante exixirá que se cubran debidamente os diarios de buques e/ou libros rexistro de hidrocarburos, incluído o rexistro das operacións de cambio de combustible e a hora a que se efectúe tal operación.

Se se comproba que un buque incumpre as normas relativas aos combustibles para uso marítimo conformes co presente real decreto, a autoridade competente poderá exixir ao buque:

a) que presente un rexistro das medidas adoptadas para tratar de lograr o dito cumprimento, así como

b) que achegue probas que demostren que intentou adquirir combustible para uso marítimo conforme co presente real decreto de acordo co seu traxecto previsto e que, se non estaba dispoñible na localidade prevista, intentou localizar fontes alternativas de tal combustible e que, a pesar de todos os esforzos por obter combustible para uso marítimo conforme co presente real decreto, este non estaba á venda.

O buque non estará obrigado, para lograr o dito cumprimento, a desviarse do traxecto previsto nin a atrasalo de maneira inxustificada.

Se un buque facilita a información a que se refire o parágrafo primeiro, a Dirección Xeral da Mariña Mercante terá en conta todas as circunstancias pertinentes e as probas presentadas para determinar as actuacións que procedan, incluída a non adopción de medidas de control.

Cando un buque non poida adquirir combustible para uso marítimo que sexa conforme coa presente norma, notificarállelo ao Estado cuxo pavillón enarbore e á capitanía marítima do porto de destino relevante. A capitanía marítima comunicará tal notificación á Dirección Xeral da Mariña Mercante, quen transmitirá á Comisión Europea os casos en que un buque presentase probas de non dispoñibilidade de combustible para uso marítimo que sexa conforme coa presente norma.

5. De conformidade coa regra 18 do anexo VI do Convenio Marpol:

a) A Administración portuaria deberá manter na súa sede electrónica, á disposición dos interesados, unha base de datos, listaxe ou relación debidamente actualizada de provedores locais de combustible para uso marítimo.

b) As comunidades autónomas deberán asegurarse de que o contido de xofre de todos os combustibles para uso marítimo vendidos en territorio español e efectivamente cargados como combustible para uso do buque está documentado polo provedor mediante un comprobante de entrega de combustible, xunto cunha mostra selada asinada polo representante do buque receptor;

c) As comunidades autónomas deberán tomar as medidas adecuadas contra os provedores de combustible para uso marítimo se entregan combustible que non sexa conforme coa especificación recollida no comprobante de entrega de combustible e asegurarse de que se toman as medidas correctoras adecuadas para pór en conformidade todo combustible para uso marítimo non conforme que se descubrise.

6. Non se poderá comercializar en territorio español combustible diésel para uso marítimo nin gasóleo para uso marítimo cun contido de xofre superior ao 1,50 % e ao 0,10 % en masa, respectivamente. As comunidades autónomas adoptarán as medidas oportunas para verificar o cumprimento desta disposición.»

Seis. O artigo 11 pasará a estar redactado co seguinte teor:

«Artigo 11. *Contido máximo de xofre dos combustibles para uso marítimo utilizados polos buques atracados en portos españois.*

1. Os buques atracados ou fondeados en portos situados en territorio nacional non poderán utilizar combustibles para uso marítimo cun contido de xofre superior ao 0,10 % en masa, e concederánlle á tripulación o tempo suficiente para efectuar a eventual operación necesaria de cambio de combustible o antes posible despois da atracada e o máis tarde posible antes da saída.

Deberase rexistrar no libro de navegación e no diario de buques a hora a que se efectúe toda operación de cambio de combustible.

As autoridades competentes en materia de portos incentivarán o uso de sistemas de subministración de electricidade desde a costa para os buques atracados en portos.

2. As disposicións do punto 1 non serán aplicables:

a) Cando, consonte os horarios publicados, os buques vaian permanecer atracados durante menos de dúas horas;

b) Aos buques que apagan todas as máquinas e se conectan á electricidade en terra mentres están atracados nun porto.»

Sete. Engádese un novo capítulo IV, que quedará redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO IV

Réxime sancionador aplicable en materia de contido de xofre dos combustibles para uso marítimo

Artigo 12. *Réxime sancionador.*

O réxime sancionador aplicable en materia de contido de xofre dos combustibles para uso marítimo será o establecido no título IV do libro III do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, e no título VI da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, sen prexuízo das competencias que teñan atribuídas as comunidades autónomas en virtude das súas disposicións estatutarias ou de acordo coa lexislación sectorial vixente.»

Oito. A alínea h) da disposición adicional terceira queda redactada da seguinte maneira:

«h) Ao combustible utilizado a bordo de buques que utilicen métodos de redución de emisións que permitan conseguir de forma continua reducións das emisións de SO₂ que sexan, ao menos, equivalentes, de acordo cos valores do anexo X, ás que se lograrían co uso de combustibles para uso marítimo que cumpran cos requisitos do presente real decreto.

Adicionalmente, se o contido de xofre do combustible mariño supera o 3,5 % en masa, eses métodos de redución de emisións deberán operar en sistemas pechados.

Os métodos de redución de emisións anteriormente referidos axustaranse aos criterios especificados nos instrumentos a que se refire o anexo XI.»

Nove. A disposición derradeira segunda queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario e actualización de anexos.*

1. Habilítanse o ministro de Industria, Enerxía e Turismo e a ministra de Fomento, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto.

2. Habilítase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para modificar os formatos recollidos nos anexos VIII e IX quen, así mesmo, poderá establecer procedementos exclusivamente telemáticos para a súa remisión, e a ministra de Fomento no que se refire aos anexos X e XI, cando esas actualizacións sexan necesarias para axustar tales anexos á normativa europea ou internacional.

3. Habilítase a ministra de Fomento para ditar a normativa reguladora dos ensaios de métodos de redución de emisións en buques que enarboren pavillón español ou nas zonas marítimas en que España exerza soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, de acordo co que para o efecto se dispoña na lexislación de carácter técnico da Unión Europea. Durante o período de realización dos ensaios non se aplicarán as limitacións no contido de xofre establecidas neste real decreto aos combustibles para uso marítimo, sempre e cando se cumpran todas as condicións seguintes:

a) Que os ensaios se notifiquen por escrito á Comisión e a calquera organismo afectado, como mínimo, seis meses antes do seu inicio.

b) Que o período de vixencia das autorizacións para a realización dos ensaios non supere os dezaoto meses, desde a data da autorización.

c) Que os buques nos cales se realicen os ensaios estean dotados de equipamentos inalterables de control continuo das emisións de gases de cheminea e os utilicen durante o período dos ensaios.

d) Que os buques implicados consigan unha redución das emisións ao menos equivalente á que se lograría mediante os límites de xofre nos combustibles establecidos neste real decreto.

e) Que existan sistemas adecuados de xestión de residuos para os residuos xerados polos métodos de redución de emisións durante o período dos ensaios.

f) Que se proceda a unha valoración do impacto no ambiente mariño, especialmente nos ecosistemas de portos cercados, dársenas e esteiros durante a realización dos ensaios.

g) Que os resultados completos se notifiquen á Comisión e se fagan públicos nun prazo de seis meses a partir do seu final.»

Dez. Incorpóranse dous novos anexos, que reciben a numeración X e XI, que se insiren a continuación deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Límites ao contido de xofre de fuel óleos pesados.*

Ata o 31 de decembro de 2015, coa excepción recollida no artigo 4, punto 3, letra a), entenderase aplicada ás grandes plantas de combustión previstas no Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarías de petróleo.

Disposición transitoria segunda. *Límites ao contido en xofre de combustibles de uso marítimo.*

1. O límite de xofre a que fai referencia o artigo 10, punto 2, será do 3,50 % ata o 31 de decembro de 2019.

2. Non obstante o anterior, ata o 1 de xaneiro de 2020, os buques de pasaxeiros en servizos regulares efectuados desde ou cara a calquera porto da Unión Europea non poderán utilizar en augas territoriais, zonas económicas exclusivas e zonas de control da contaminación situadas fóra das zonas de control das emisións de SO_x, baixo a soberanía do Reino de España, combustibles para uso marítimo cuxo contido de xofre supere o 1,50 % en masa.

A Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento definirá e desenvolverá os procedementos necesarios para controlar o cumprimento deste requisito, ao menos polo que respecta aos buques que enarboren pavillón español e aos buques de calquera pavillón mentres permanezan en portos españois.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.25.^a e 149.1.20.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de bases do réxime enerxético e da mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2012/33/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, pola que se modifica a Directiva 1999/32/CE no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de abril de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

«ANEXO X

Valores equivalentes de emisión para os métodos de redución de emisións

Contido de xofre dos combustibles para uso marítimo (% m/m)	Relación de emisións de SO ₂ (ppm)/CO ₂ (% v/v)
3,50	151,7
1,50	65,0
1,00	43,3
0,50	21,7
0,10	4,3

NOTA:

- Os límites establecidos para a relación de emisións só se aplican cando se utilizan fuel óleos destilados ou residuais derivados do petróleo.
- En casos xustificadas, cando a unidade de depuración dos gases de escape reduza a concentración de CO₂, esta última pódese medir na entrada da unidade de depuración dos gases de escape, sempre que a exactitude de tal metodoloxía poida ser claramente demostrada.

ANEXO XI

Criterios de utilización dos métodos de redución de emisións

Os métodos de redución de emisións recollidos na disposición adicional terceira deberán cumprir ao menos os criterios especificados nos seguintes instrumentos, segundo proceda:

Método de redución de emisións	Criterios de utilización
Mestura de combustible para uso marítimo e de gas de evaporación.	Decisión 2010/769/UE da Comisión, do 13 de decembro de 2010, pola que se establecen os criterios aplicables para que os buques de transporte de gas natural licuado empreguen métodos tecnolóxicos como alternativa á utilización de combustibles de uso marítimo cun baixo contido de xofre que cumpran os requisitos do artigo 4 <i>ter da</i> Directiva 1999/32/CE do Consello, relativa á redución do contido de xofre de determinados combustibles líquidos, modificada pola Directiva 2005/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.
Sistemas de depuración dos gases de escape.	Resolución MEPC.184(59) da OMI, adoptada o 17 de xullo de 2009. A auga de lavado resultante dos sistemas de depuración dos gases de escape que fagan uso de aditivos, preparados e produtos químicos relevantes creados <i>in situ</i> a que se refire o punto 10.1.6.1 da Resolución MEPC.184(59) non poderá ser descargada no mar, incluídos os portos cercados, as dársenas e os esteiros, salvo que o operador do buque demostre que a descarga de auga de lavado non ten repercusións negativas significativas nin presenta riscos para a saúde humana ou o ambiente. Se o produto químico utilizado é soda cáustica, é suficiente con que a auga de lavado cumpra os criterios establecidos na Resolución MEPC.184(59) e o seu pH non exceda o 8,0.»

Método de reducción de emisións	Criterios de utilización
Biocombustibles.	Uso de biocombustibles, tal e como se definen na Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, que cumpran as normas CEN e ISO pertinentes. As mesturas de biocombustibles e combustibles para uso marítimo deberán cumprir as normas relativas ao contido de xofre establecidas no presente real decreto.